

PUBLICACION RESULTADO ALEGACIÓNS PREGUNTAS PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL

PREGUNTA 1

Na planilla de correccións consta como resposta correcta a letra b), analizada a pregunta e a alegación cabe sinalar que a pregunta e planilla de respostas é correcta . Irnos analizar cada opción segundo a Constitución Española de 1978:

- a) Dereito á produción artística. Está recoñecido no art. 20 CE (liberdade de expresión, creación literaria, artística, científica e técnica). Si é un dereito fundamental.
- b) Dereito á propiedade privada e á herdanza. Está no art. 33 CE, pero non figura entre os dereitos fundamentais, senón entre os dereitos recoñecidos no Capítulo 11, Sección 2ª (dereitos e deberes dos cidadáns).
- c) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia. Está no art. 19 CE, dentro do Título 1, Capítulo 11, Sección 1ª (dereitos fundamentais e liberdades públicas). Si é dereito fundamental.
- d) Os dereitos das letras a) e b) non son fundamentais. Incorrecta,

porque o da letra a) sí o é. Resposta correcta é a b) Dereito á propiedade

privada e á herdanza

Tendo en conta o sinalado desestimase a alegación realizada á pregunta 1, sendo a resposta correcta a letra b)

PREGUNTA 29

Na planilla de correccións consta como resposta correcta a letra d), analizada a pregunta e a alegación cabe sinalar que a pregunta e planilla de respostas son correctas. Analizamos cada opción tendo en conta que a Xunta de Goberno Local regúlase na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e no ROF (RD 2568/1986). O artigo 112.2 do ROF di: "Entre a convocatoria e a

celebración da sesión haberán de transcorrer, polo menos, vinte e catro horas, salvo no caso de sesións extraordinarias urxentes." Por tanto:

- a) 48 horas. Non é correcto.
- b) 24 horas. Incompleto, falta a excepción.
- c) 24 horas, salvo no caso de sesións extraordinarias. Non é exacto, porque a excepción é só para as extraordinarias urxentes, non todas as extraordinarias.
- d) 24 horas, salvo no caso de sesións extraordinarias urxentes. Correcta.

Así, a resposta correcta é a d) Vinte e catro horas, salvo no caso de sesións extraordinarias urxentes.

Tendo en conta o sinalado desestimase a alegación realizada á pregunta 29, sendo a resposta correcta a letra b)

PREGUNTA 36:

Na planilla de correccións consta como resposta correcta a letra a), analizada a pregunta e a alegación cabe sinalar que a resposta sinalada na planilla de é incorrecta. A Leí Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL, RD Legislativo 2/2004), artigo 20 TRLRHL regula os supostos en que os municipios poden esixir taxas. Entre eles:

- a) Distribución de auga. Si, está previsto como servizo ou actividade local de competencia municipal.
- b) Utilización de columnas, carteis e outras instalacións análogas, de propiedade privada, para a exhibición de anuncios visibles desde a vía pública. Tamén aparece expresamente.
- c) Protección civil, non figura como feito impositivo para taxa, xa que a protección civil finánciase con cargo ao orzamento, non mediante taxas específicas.

Por tanto, a resposta correcta é a opción d) As respostas a) e b) son correctas.

Tendo en conta o sinalado estimase a alegación realizada á pregunta 36, sendo a resposta correcta a letra d), procedendo a corrixir co esta modificación a planilla.

PREGUNTA R1:

A opositora alega que a pregunta non se atopa dentro do temario. Revisado o mesmo no anexo 1 recóllese como tema 20 relativo a Lei de Contratos do sector Público o seguinte:

"20.- Contratos do sector público : delimitación dos tipos contractuais. Contratos menores. Contido e forma de contrato. Procedementos de adxudicación."

Tendo en conta o enunciado do tema 20, enténdese que si é unha pregunta obxecto do temario, xa que as mesas de contratación atópanse dentro do procedemento de adxudicación, participando as mesmas. Así as mesas de contratación son o órgano colexiado responsable de avaliar a documentación presentada polas licitadoras en procesos de contratación pública, sendo a súa constitución obrigatoria en determinados procedementos regulados na LCSP.

Tendo en conta o sinalado desestimase a alegación realizada á pregunta R1

Resumo alegacións:

N.º PREGUNTA	ESTIMACIÓN/ DESESTIMACIÓN ALEGACIÓN	MODIFICACIÓN RESPOSTA PLANILLA	ANÚLASE A PREGUNTA
1	DESESTÍMASE	NON	NON
29	DESESTÍMASE	NON	NON
36	ESTÍMASE	SI	NON
R1	DESESTÍMASE	NON	NON

PREGUNTA 1.2,

Na planilla de correccións consta como resposta correcta a letra d), analizada a pregunta e a alegación cabe sinalar que a resposta sinalada na planilla de é incorrecta, xa que o Artigo 49. establece que a aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións . Así ,non existe ningunha opción competentemente correcta, xa que a opción válida de xeito inicial é a opción d) que aínda que consta ben a data do prazo (17.03 .2023), no texto sinálase o cómputo do prazo de 15 días (hábeles), cando deben ser 30 días, polo que é incorrecta .

Tenda en conta a sinalada estímanse as alegacións realizadas á pregunta 1.2, senda substituída pola 4.1

Resumo alegacións:

N.º PREGUNTA	ESTIMACIÓN/ DESESTIMACIÓN ALEGACIÓN	MODIFICACIÓN RESPOSTA PLANILLA	ANÚLASE A PREGUNTA
1.2	ESTÍMASE	NON	SI